



Debut07 é unha publicación de **ESDEMGA**
(estudos superiores en deseño téxtil e moda de galiza)

Nº0

ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO
CRISTINA VARELA
DAMIÁN UCIEDA
OSCAR SCOPIA
LOLA DOPICO
SILVIA GARCÍA GONZÁLEZ

debut07

debut07

ESEDEMG (estudios superiores en diseño téxtil e moda de galiza)


debut07

ÍNDICE

4	A MODO DE PRESENTACIÓN. DEBUT 07 LOLA DOPICO
8	NOTAS SOBRE O NU (A PARTIR DE HELMUT NEWTON) ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO
11	PROXECTOS FIN DE CARREIRA 3º CURSO
42	PROXECTOS 2º CURSO. EXPOSICIÓN 2.1
58	COLABORACIÓN DO ARTISTA DAMIÁN UCIEDA
63	MODA E POSTA EN ESCEA OSCAR SCOPA
66	MODA EN GALICIA. PRIMEIRAS NOTAS CRISTINA VARELA
68	TEXTOS EN ESPAÑOL
77	PREMIO EXTRAORDINARIO FIN DE CARREIRA E MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO
78	O COMEZO E O FINAL DOS FÍOS: TECIDOS E VANITAS SILVIA GARCÍA GONZÁLEZ

Fotografía: JOSÉ ANGEL ZABALA

esdemga.uvigo.es



ESDEMGA

esdemga
ESTUDIOS SUPERIORES EN DISEÑO TEXTIL E MODA DE GALICIA



UNIVERSIDADE
DE VIGO



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

caixanova
cámara
Pontevedra

ASOCIACIÓN TEXTIL DE GALICIA

Directora
LOLA DOPICO ANEIROS

Subdirectora
CRISTINA VARELA CASAL

Coordinadora de Relacións Externas
SILVIA GARCÍA GONZÁLEZ

Asistente de Dirección
ROCÍO GÓMEZ JUNCAL

DEBUT07

Organiza
- Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Universidade de Vigo
- ESDEMGA, Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda

Patrocinan



Colaboran

- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
- Lacados Milladoiro
- Media Lúa (talabartería)
- Confecciones M.R.F
- Jesús Peiró
- José Franjos
- Sargadelos
- Club Hípico Apalosa
- E. Mourño
- Warhol Digital
- Fundación "Jesús del Pozo"
- Hotel Hesperia Finisterre
- Artes Gráficas Silgar
- "New Rippers"
- Katty Xiomara
- Calzados Krack
- Calzados Bross
- La Antigua
- La Moderna

Premios outorgados por

- Premio Extraordinario Fin de Carreira:
ATEXGA e Asociación de Industrias de Punto e Confección (Lugo, Orense e Pontevedra)
- Mención Especial do Xurado Rafael Matías:
RAFAEL MATÍAS

Xurado

- CHISCO GARCÍA, Director de Producto de Armand Basi
- SOFÍA CLARÍ, Dirección artística para El Ego de Cibeles, Pasarela Fib Heineken, Mustang, entre outros.
- CARMEN MÁRQUEZ, Directora Comercial de Próxima Parada
- ARTURO ELENA, Ilustrador de Moda e Profesor de IED
- CARLOS LÓPEZ LOUREIRO, Presidente da Asociación de Industrias de Punto e Confección (Lugo, Orense e Pontevedra)
- Representante de ATEXGA
- LOLA DOPICO, Directora dos Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda de Galicia

Dirección

LOLA DOPICO

Dirección artística

CHARO FROJÁN,
ALFREDO OLMEDO

Dirección de proxectos

CHARO FROJÁN,
ALFREDO OLMEDO
CRISTÓBAL VIDAL

Coordinación

CRISTINA VARELA
ROCÍO GÓMEZ

Montaxe

JOSÉ ÁNGEL ZABALA
ARTURO REBOIRAS

Son

SINSAL AUDIO

Iluminación

PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Perruquería

YOLANDA RODRÍGUEZ

Maquillaxe

PEDRO PAZÓ

PUBLICACIÓN

Dirección

LOLA DOPICO

Coordinación

CRISTINA VARELA

Textos

OSCAR SCOPA
ALBERTO RUIZ DE SAMANIEGO
CRISTINA VARELA
LOLA DOPICO
SILVIA GARCÍA

Colaboración especial

DAMIÁN UCIEDA (www.damianucieda.com)

Traducións

ROCÍO GÓMEZ

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Deseño Gráfico /Maquetación

MORPHOGRAPH

Deseño web

dedominiopublico.com

Comunicación

NURIA CARBALLO

Imprime

GRÁFICAS SOGAL

Edita

ESDEMGA. Universidade de Vigo

ISBN:

Depósito Legal:



Ilustración: ALBA BLANCO

“En la planta noble del palacio Orfei, Mariano Fortuny lleva una túnica holgada, abierta en el pecho como el jubón de un caballero de mil quinientos. El palacio Orfei es el ámbito de la obra; el palacio Martinengo es la morada de Doña Cecilia. En la claridad desbravada y amarillenta de la sala principal del palacio Martinengo, Cecilia de Madrazo invita a Marcel Proust, con las últimas luces del atardecer, a un banquete de melocotones en plateles de cobre repujado, aguanosos y agridulces, con una copa de jerez, y unos postres de faraláes de pasta dorada y encintada, empolvorada con harina azucarosa. Cuando el atardecer claudica, y en la mesa apenas hay luz ya, Mariano Fortuny y Cecilia de Madrazo abren, como un hondo sagrario para los ojos de Marcel Proust, la tapa del baúl mayor. En la media penumbra hay un resplandor de ropa antigua y ceremonial: un terciopelo purpúreo, sangriento, con guarnición de granadas; otro terciopelo, de un denso color azul oscuro, y brocados, y rasos y tafetanes y sedas, con motivos de ramilletes o de boscajes antiguos que vibran como las alas de un dragón, rumorosas y suaves y membranosas en el palacio con fosquedades de caverna. Mariano Fortuny, de cara a Marcel Proust, en el crepúsculo marino y fuliginoso, se viste con una sotana de brocado ornada con un ramaje de oro”.

PERE GIMFERRER. Fortuny.¹

Veludos e brocados, tafetáns e sedas, aínda vibrantes, aínda rumorosas, evocadoras e deslizantes ao tacto, extrañamente suaves, amortecen agora o rumor das visitas no palacio Fortuny. Pisar os seus salóns venecianos, transformados hoxe en museo, atrápanos sen remedio. En cada pliegue, en cada fragmento desgastado das tapicerías de veludo, mergullámonos na emoción pracenteira desta sensación de retorno, a mesma que experimentamos cando releemos un libro xa lido, ou cando volvemos ver unha película xa vista. Non hai goce maior que volver ver o xa visto, o xa percorrido, o xa lido, volver reencontrar esa sensación xa experimentada, xa vivida, reencontrarnos, retornar a eses fragmentos, imaxes, sempre presentes na nosa memoria, esas esceas e instantes que nos marcaron e sobre as cales decidimos volver con maior ou menor frecuencia para comprobar que nos acollen novamente.

A MODO DE PRESENTACIÓN. DEBUT 07

lola dopico

Así que hoxe decido volver á tardiña no salón oriental do palazzo veneciano no xusto momento no que Fortuny, en pé fronte a Marcel Proust, vístese a sotana brocada mostrándolle o delicado debuxo de ramas que se elixiu para decorar o vestido. A poderosa experiencia do retorno permítenos ás veces suspender o fluxo do tempo, pasado e futuro quedan abolidos na emoción dun instante posible.

Podería parecer inapropiado esta homenaxe ao retorno, ao reencontro, o ritmo da moda parece ser outro; o do sempre novo inmediatamente transformado en “pasado”. Pero na eventualidade como destino atrincheirase certa permanencia oculta, certa verdade encuberta na superficialidade máis exposta, logo de todo, esa é a máis extrema experiencia da modernidade *na que todo o sólido desvanécese no aire...*²

A moda, o universo das tendencias actuais, está tecido con mitos, produto eminentemente cultural, sen que iso signifique deixar de lado o seu importante compoñente industrial ou a súa dimensión sociolóxica, o século XX foi o século dos deseñadores, das actrices do cine convertidas en referentes do estilo capaces de lanzar unha tendencia ou de renovar unha casa a piques de extinguirse, pero tamén asistimos ao boom das modelos transformadas as novas celebridades en iconos culturais, e igualmente asistimos asombrados á cíclica aceleración dos *revivals* sen fin, as citacións, actualizacións...

A moda é cultura sen dúbida. Cultura urbana que crece e desenvólvese pegada ao chan das grandes urbes, aos interminables trazados de rúas asfaltadas e aos ladrillos que se elevan apilados, buscando ascender en verticalidade contra o ceo de Londres, de París, de Nova York, de Tokio. Pero tamén é ante todo un sistema, un sistema cunhas regras ben constituídas e uns códigos que exercen fortes restricións, isto que en si mesmo parece unha constatación simple, afástanos, se o asumimos como certo, de calquera apreciación, doutra banda tan común, que outorga á moda atributos baseados pouco máis que na improvisación, a desbordante imaxinación, a creación sen máis, etc... Pouco ou nada hai de espazo para o puramente caprichoso como nos dixera Barthes *“a moda está estrictamente codificada. É unha*

*combinatoria que posúe unha reserva finita de elementos e regras de transformación. Cada ano recórrese ao conxunto de trazos de moda ao obxecto de configurar un conxunto coas súas propias restricións e regras, como a gramática...”*³

Coñecer esas regras, apropiarse delas, xa sexa para cumprilas ou para violentalas é de obrigado cumprimento para aqueles que deciden encamiñarse profesionalmente ao mundo da moda, comprender a súa multidimensionalidade, que conecta este ámbito coa arte, coa socioloxía, coa industria, a comunicación, a economía. Pensar en termos únicamente da volubilidade dos “caprichos das modas” sería caer ao lado da inxenuidade máis absoluta.

Construír unha linguaxe propia (o estilo) a partir da interiorización dunha gramática común (o sistema) esa é o labor do deseñador. Dedicamos os últimos tres anos a Construír as condicións e o contexto apropiados para aprender e para transmitir o coñecemento preciso, unha metodoloxía que permita analizar e incorporar esta gramática e que axude a pór en pé os primeiros tramos dunha subxectividade ben constituída, necesaria para enfrontar en soidade o proceso creativo e que é compartida por tantas formacións de carácter artístico. Logo de todo Moda no seu sentido máis arcaico remítenos etimoloxicamente á acción de elixir. A decisión, a elección constante e constantemente reformulada é o labor do creador de moda, polo tanto é a subxectividade informada, nutrida a depositaria da súa capacidade para dar resposta ao interrogante que xorde cada nova tempada como punto de arranque do sistema. As fortes implicacións a nivel industrial deste sector que se achan en continua transformación, desde os procesos de patronaxe, confección, acabados á importancia clave da identidade de marca, a loxística, o mercado exterior, etc... forma parte do “oficio” que o estudante que se está formando ten que coñecer no seu camiño ao ámbito profesional; agora ben, hai outro discurso que é subxacente a toda a realidade industrial que é imprescindible para un creador de moda e que pasa pola construción dun discurso propio en diálogo constante coa realidade na que se asenta o sistema da moda.

Quería poder falar sobre a relación da arte e a moda, máis aló do histórico debate entre eternidade e eventualidade, gustaríame tamén achegarnos brevemente á relación coa cidade de ambas as disciplinas, a fagocitación do urbano como substrato nutritivo común, ou tamén seguir o sutil trazado que conecta a moda e o cine, dúas formas culturais urbanas que en si mesmas son o espello privilexiado da cidade moderna, mantendo un equilibrio retroalimentado, todo iso forma parte do debatido en múltiples ocasións no contexto das relacións entre docentes e alumnos, na conversación a varias voces, dilatada nos tempos e nas intensidades que se configura nun proceso de formación e que resoan entre as paredes das aulas. Sen embargo neste contexto é máis oportuno e creo que me corresponde con todo pór de relevancia especialmente o significado, o sentido que adquire nunha sociedade como a actual percorrer o camiño que nos conduce ao lado do consumidor á beira do produtor.

Nun mundo infestado de imaxes listas para consumir ¿cómo ha de ser o proceso para enfrontar o feito creativo? ¿para Construír novos produtos visuais, vestidos, obxectos... destinados a desaparecer a gran velocidade a extinguirse como destino?, enfrontámonos a un proceso sometido constantemente ao efímero marcado polo aquí e agora e esta realidade que quere ser asumida desde unha reflexión desde a ética estética.

Fomos tramando un espazo formativo de calidade seleccionando os referentes e os modelos que podía mostrar unha idoneidade no seu funcionamento. Buscando as complicidades necesarias, fomos capaces de crear un primeiro modelo. Non chegamos ao final de nada, estamos ao principio do proceso pero temos un prototipo do que nos sentimos orgullosos para presentalo. Pór en pé a estrutura desta titulación foi o proxecto profesional máis estimulante que un poida desexar, a implicación do profesorado, que foi incorporándose, o seu compromiso profesional e persoal foi tan sorprendente que únicamente podo mostrarme agradecida.

Presentámonos agora en público, presentamos á primeira promoción de deseñadores, e con eles todos expómonos neste “debut”.

Gabriel Chanel en 1906 mira de fronte, directamente ao obxectivo da cámara que a vai a retratar, levemente apoiada sobre o tronco dunha árbore nun paseo de Vichy, coas mans ás costas e a chaqueta aberta, non está soa, Adrienne Chanel míraa a ela, os seus vestidos non difiren dos que podemos ver noutras imaxes de época pero aínda así hai un algo leve, unha diferenciación, insinuada apenas, que nos fala dun estilo propio, unha certa “graza” aínda sen cristalizar completamente. O privilexio de asomarnos a un instante previo, asistir ao momento preexistente, no que Gabrielle Chanel aínda non é Mademoiselle Chanel, ser espectadores excepcionais do contido nesa instantánea na que ambas as irmás aparecen con traxes a estreir recentemente cosidos coas súas propias mans, como tantas raparigas que se confeccionan a súa propia roupa, aínda non existe Chanel, con todo xa está aí a gramática preexistente, os primeiros exercicios de fraseo dun estilo propio.

Novamente assistimos como privilexio a un momento inaugural no seu sentido máis exacto, o de dar inicio a unha cousa con solemnidade e ata aproveitando sen pudor o sentido máis arcaico da expresión, en presenza dos auguros, quince estudantes, deseñadoras xa, van pór baixo os focos a súa primeira colección, a súa primeira proposta coa que atravesar o limiar, infinito e instantáneo a un tempo, do momento iniciático. Miran de fronte ao obxectivo e son miradas.

Mónica Bastón, Alba Blanco, María Díaz, Sarai Fernández, Isabel Lorenzo, Yolanda Mariño, Menchu Mora, Mariel Retorta, Amaí Rodríguez, Anabel Sánchez, Paula Solveira, Tania Tengido, Rebeca Troitiño, Andrea Valero e Miriam Villaronga foron capaces de mirar cos seus propios ollos. Cada unha destas propostas, aínda en moitos casos compartindo unha base de referencia común e ata pautas de dirección compartidas, foron construídas baixo claves de estilo, dunha marcada identidade conseguindo abstraerse e condensar o sentido polo pequeno e polo grande, polo fora de formato. O carácter experimental ha de primar sobre calquera outro neste momento, a innovación e a especulación formal é xa non o luxo que se consente o estudante de deseño senón o deber, a obriga e a responsabilidade para o deseñador. O ámbito do deseño de moda, ou

do cine, ou de calquera forma de expresión que teñen aparelado unha industria tras ela tende a xerar formatos moi marcados, as coleccións de inverno e verán, as duracións non superiores a 90 minutos das películas comerciais. Manter a tipoloxía de fórmula vólvese obrigado no ámbito da produción, na industria, pero habemos de ser capaces de manter espazos de experimentación, ha de existir unha certa flexibilidade que é a que nos outorga o territorio da indagación, conceptual e máis abstracta que renuncia ou non asume *a priori* a repetición da fórmula do que ha de parecerse infinitamente a si mesmo reproducindo unha e outra vez o seu propio formato. Ese territorio da moda que se permite declararse unha “forma pura”⁴ é clave desde o contexto de formación dun creador, é aí onde a moda tócase con outras expresións artísticas como a literatura ou a pintura, e cando se consinte asumir, se produce un contexto nutinte clave para o deseñador que se está formando. Unha base de referencias que ha de ser permanentemente alimentada, hemos de dotar de ferramentas os códigos do artístico. É nese punto de interrelación con outras formas artísticas onde a estes mozos creadores, para aprender a alimentar ese universo persoal, e a entender que o seu maior valor en canto creadores de moda reside aí, na súa capacidade de ampliar os límites, indagar no non ensaiado aínda. A capacidade de reinventarse é a esencia do sistema que busca a súa permanencia, atreverse a pisar chan inexplorado é o labor do creador.

As referencias de partida dos proxectos fin de carreira hai que buscalas no cine, na arquitectura, na arte. Os directores dos proxectos seleccionaron unha serie de liñas de traballo base, temáticas de partida ao redor das cales os estudantes debían ser capaces de concentrar as liñas mestras a partir das cales edificar a súa proposta.

Non esquezamos que a orixe da moda afunde as súas raíces no romanticismo e camiña da man das actrices e actores, o mundo do teatro quería dotar de autenticidade as súas interpretacións, froito do cal pintores e debuxantes lanzáronse a buscar a verdade histórica das aparencias, vestuario, decorado, mobiliario, accesorios, en suma aquilo que se denominaba “costume”⁵.

“Costume”, películas, libretos, arquitecturas, salóns, museos, pinturas, fotogramas, este é o substrato onde o creador vai revolver, a afundir as súas mans como nun enorme baúl do que extraer os fragmentos da composición, texturas, cores, ambientes, ficcións... Catherine Deneuve é o mito francés por excelencia, tan francés como a casa Dior, como Yves Saint Laurent, como a Tour Eiffel asolaga a pantalla desde os fotogramas de *Belle de Jour* este ensaio fílmico tan francés tamén, aínda de man de Buñuel que serviu de pano de fondo para un importante grupo de proxectos fin de carreira. A personaxe de *Sévérine* inquietante polo seu tránsito da perversión ao recato queda condensado entre a delicadeza e a dureza elixidas como eixos de articulación por Mónica Bastón para a súa escenificación dese diálogo imposible entre dous rostros, o do ben e o do mal, que se confunden nun. Da inocencia á depravación sen discontinuidade, sen alardes, con superficial simplicidade, como a que cristaliza na aparente inxenuidade e pureza costruída a través da linguaxe de Alba Blanco. O universo surrealista da trama buñueliana preñada de referencias psicoanalíticas e sociolóxicas coas que constrúe a personaxe de *Sévérine* e que se encerran con igual potencia nas pezas lacadas e nos tocados de visión que Isabel Lorenzo crea en forma dunha dobre versión apta para nais e fillas atrapadas nunha narración freudiana. O son das campás referencia o limiar entre realidade e ensoñación ao longo da película ata que finalmente todo se ve invadido polo seu incesante resoar que acompañan a tolemia de *Sévérine*, este fetiche sonoro é empleado como elemento narrativo na proposta de Sarai Fernández que conxuga na súa proposta a elaboración cerámica das pecheras, resoltas por pezas de porcelana, coa pureza cromática do branco e o negro. Fronte a austeridade das referencias cromáticas do proxecto anterior o proxecto de Yolanda Mariño constrúe un diálogo ás veces apremiante e por momentos dunha elegancia fría e distante, dun cromatismo complexo, turbador coa tensión do desexo implícito na mirada buñueliana. Na proposta de Paula Solveira con todo é a propia potencia simbólica da propia Catherine Deneuve a que se evoca. Personaxe icónico da moda francesa Catherine é practicamente o alter ego de Saint Laurent, é un exemplo de fusión entre unha casa de

costura e unha actriz que xeraron desde os anos sesenta unha concepción única do chic francés que é susceptible de ser reinterpretada baixo perspectivas moi diversas como a utilizada no proxecto de Menchu Mora de marcada raíz pop que non desvirtúa con todo unha encarnación de estilo operativa e recoñecible.

Vontade arquitectónica intúese no traballo de Andrea Valero e sen dúbida na proposta de Miriam Villaronga na que o diálogo de planos e elementos compositivos devólvenos á arquitectura máis clásica da primeira metade do século XX, de igual modo que na proposta de Ana Belén Sánchez asistimos a un desafío constructivo, un virtuosismo na estrutura, no patrón que pretende desafiar os límites impostos polo soporte corporal. Finalmente os proxectos de Tania Tengido, Rebeca Troitiño, Amaí Rodríguez, Mariel Retorta e María Díaz pertencen a unha cidade concreta, Londres e a unha casa no número 13 Lincoln's Inn Fields. Elas abriron as portas da casa museo de Sir John Soane, insigne arquitecto neoclásico profundamente atípico, importante coleccionista de arte e obxectos que dispuña como unha biblioteca de formas aberta aos seus estudantes e que hoxe en día permanece con idéntica disposición e uso. Soane dun marcado carácter esotérico e influído polo uso da luz no gótico como elemento fundamental fai nas súas edificacións un uso da luz capaz de disolver as formas, dun modo semellante traballa a súa colección Tania Tengido, a través do troquelado e do encartado vai construíndo unha estrutura case ausente en función da súa relación coa luz. Na proposta de Amaí vemos moito da fina ironía de Soane desenvolvendo un estilismo que case pode parecer un mostrario de posibilidades que conecta sobre xeito coa paixón pola antigüidade de Soane expresada a través da súa predilección de un romanticismo de ruínas. Nas propostas de Rebeca Troitiño e de Mariel Retorta vemos unha recreación ben distinta da relación do rexistro máis british en relación coa dimensión da natureza, traballos que se contraponen de forma evidente coa sobriedade sen concesións da proposta de María Díaz que nos retrotrae a ese sentido do estricto, da contención victoriana.

Cada proxecto condensa unha e varias ficcións, unha e múltiples realidades.

Acompañar a estas estudantes ata aquí foi un pracer e un privilexio. En primeiro lugar quero agradecerlles a elas a súa vontade de abrirse ao mundo, de aprendizaxe e autoesixencia. Naturalmente a todos os profesionais, docentes, colaboradores, persoal da universidade, administrativos, compañeiros que participaron desta experiencia e que forman parte do tecido final, cada puntada, pecando de abuso en canto a analoxías textís, foi necesaria e igualmente valiosa.

Para finalizar quero acentuar a importancia que para esta titulación tivo a plena colaboración de todo un sector industrial e un ámbito institucional. Desde a Universidade de Vigo fíxose un gran esforzo pero non sería posible sen o apoio estratéxico e desde o primeiro momento do Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra, Fundación Caixanova, Cámara de Comercio de Pontevedra, así como a implicación de ATEXGA e da Consellería de Industria. Moitas foron as complicitades que fomos atopando na empresa a través de entidades como TexVigo, ou de forma relevante a Asociación de Industrias de punto e Confección (Lugo, Ourense e Pontevedra) e ATEXGA que hoxe ofrecen Premio Extraordinario Fin de Carreira e empresas do sector da confección téxtil como Rafael Matías que quixo propor e dotar unha "Mención Especial" do Xurado. Moitas son a empresas que colaboraron na elaboración dos proxectos fin de carreira desde prestando material, maquinaria, complementos, etc... Neste sentido quero subliñar a implicación de Sargadelos que sen pertencer ao sector abriu as súas portas a esta escola mostrando unha alta sensibilidade ao propiciar unha colaboración co Centro. Non quero esquecer tampouco todas aquelas empresas que quixeron participar do noso proxecto de forma moi importante ao acoller aos nosos estudantes, no seu período de prácticas, dentro dos seus departamentos de deseño, atopando un apoio moi importante para a realización dos seus proxectos, a posibilidade de participar ou desenvolver unha colección que se verá na rúa ou nalgún caso o seu primeiro contrato. Adolfo Domínguez, Agatha Ruiz de la Prada, Arbitex, Katty Xiomara, Caramelo, Antonio Pernas, María Mariño, Lydia Delgado, La Casita de Wendy, D-Due, Poti-Poti, Jesús del Pozo, Purificación

García, Pedro Novo, Teatro Abadía, Reizentolo, Jesús Peiró, Burberry foron as primeiras en abrir as súas portas. Estamos seguros de que esta lista irá crescendo cos anos, amigos e colaboradores que serán partícipes deste proxecto que está ao comezo da súa andaina, coa ilusión, o nerviosismo e as amplas expectativas do que avanza con seguridade cara a un esperado e acariñado "debut".

¹ GIMFERRER, Pere. Fortuny. Círculo de Lectores. 1987

² BERMAN, Marshall. Todo lo sólido se desvanece en el aire. La experiencia de la modernidad. Siglo XXI editores. 1997

³ BARTHES, Roland. El sistema de la moda y otros escritos. Paidós comunicación. 2003

⁴ *Ibíd.*

⁵ *Ibíd.*

Para comezar, diremos que Helmut Newton é, efectivamente, un autor clásico, pero non no sentido de que a súa figura sexa xa irrenunciable dentro da historia da fotografía de moda do século XX, senón na medida en que a súa lectura do xénero do nu –doutra banda absolutamente identificable– non se aparta da tradicional visión do que podemos chamar, con Pierre Klossowski, a “bela desnudez”.

Hai un autoexhibicionismo da muller que é inherente ao nu tradicional e que Helmut Newton leva con insistente insolencia ata o límite mesmo da súa expresión. Se toda a pintura clásica do nu se podería situar baixo o complexo do desvelamento, este alcanza o seu cenit, e seica tamén a súa elaboración xa infranqueable, na poética do fotógrafo berlinés. Coma se na súa obra producise a culminación formal do xénero e ao tempo, e con iso, provocase a súa disolución; coma se as súas imaxes se situásen consciente e perigosamente na maior proximidade posible respecto dunha franqueza, unha inmediatez imperiosa e un descaro que delimitarían, definitivamente, a total ausencia de todo principio ou xogo de desvelamento, en favor doutro dispositivo onde xa non interviría esa específica emotividade do segredo, a elusión e a revelación que caracterizan ao tema desde as súas orixes.

Helmut Newton non varía, desde logo, os puntos expresivos clásicos de referencia na súa visión do corpo feminino. Apreciamos deste xeito nas súas imaxes como o seu temperamento acentúa zonas por dicir así tradicionais neste tipo de pousados: as costas, o pescozo, os seos, as nádegas, especialmente unhas moi longas pernas –a miúdo cubertas por medias negras– e os xeonllos, as coxas, as curvas, a pube. Apreciamos tamén como estas zonas son revalorizadas por toda unha serie de actitudes de mirada e de movemento, ou máis ben da súa falta (a Newton sedúcelle excesivamente o repouso, a laxitud, a inercia, a desgana –aí onde traballa o límite da absorción do modelo do que tanto partido sacara a pintura de interiores do XVIII francés, con Chardin á cabeza–); e notamos, tamén, como intensifica esa glacial dramaturxia como de *tableau vivant* mediante a posición da muller de costas. Singularmente, coa colocación do corpo da modelo por así dicir enhiesta, enfáticamente en pé; corpo dominador e rotundo que se revela nunha hierática interpelación estatuaria cuxa

mirada directa e fría –unha mirada seica baleirada de toda significación, unha pura presenza animal, diríamos– se confronta abertamente coa escopia turbia, sumamente interesada e quizais algo culpable do espectador (ás veces mediado en reflexo especular pola figura do propio artista–*voyeur* en acto de culminar o proceso fotográfico). Un espectador, en todo caso, que permanece captado, capturado e fixado hipnóticamente pola potencia medusea, entidade do imposible–apetecible e á vez perigosamente voraz desa carne exposta a través do turbio ritual fotográfico elaborado entre o autor e o seu modelo.

Porque non é só que a modelo manifeste claramente a súa consciencia de estar sendo vista –co que manifesta, xa que logo, superar xa todo posible xogo da ocultación, esa dimensión máis íntima en que, por exemplo, podería aproveitar, como a miúdo sucede no xénero, para verse ela mesma no segredo– senón que, aínda máis, abandonada desta forma –como quen di sen culpa, medo, postración nin inocencia– a unha eventual indiscreción, ela mesma prescindiu ademais de calquera pudor, de toda necesidade de ocultamento e de non facerse ver. A favor agora dunha sorte de inventario morboso, prolijo e aberto da carne que se asemella indubidablemente a unha pura exhibición dunha presenza nuda –entre artificial e animal polo que ambas as dimensións teñen de ahumano–. Nese proceso, o intercambio económico ou a transacción que haberá de concretarse, ou mellor: de liberarse na pura pulsión inmediata ou senón na nada, a evaporación e o fume mesmo dunha fantasmagoría en tránsito que xorde e anúlase como unha diabólica exhalación, parecen formar parte da lóxica máis natural do seu cumprimento.

Ou tal vez non, e simplemente (¿en verdade, simplemente?) achámonos ante unha sinuosa argumentación de orde extrañamente teolóxico na que o fotógrafo proponnos a aparición dunha deusa, un puro espírito do sexo que agora ocupa o lugar que deixou baleiro un corpo concreto, o da modelo en cada caso, que agora, e por iso mesmo, non preserva máis que a súa rotunda vaciedad ou o seu irreductible carácter ficticio e simulacral, ela que non é máis que a mera superficie de proxección dun *eros* tremendamente ávido e

NOTAS SOBRE O NU (A PARTIR DE HELMUT NEWTON)

alberto ruiz de samaniego

tortuoso, o do *voyeur*-demiurgo chamado Helmut Newton que actúa, en fin, por todos nós, facendo xurdir dunha case nada ou unha ausencia, precisamente, a encarnación displicente, sumamente desexable e majestuosa da forza abismática da carne, cando é tomada, como neste caso, polo imperio da imaxinación (por sobre calquera realidade).

Se iso é así, a obra de Helmut Newton non retrata a ningunha identidade, senón que se consuma na perda mesma de todo principio identitario, nunha sorte de cerimonial que, como manda o canon, non pode máis que derivar nunha deriva ritualizada de repetición extática tras a cal haberá de aflorar a aceptación da forza do desexo como a creadora do xogo en que se manifesta e faise posible a vida mesma.

A poética representacional de Helmut Newton é, neste sentido, o do ritual e a cerimonia sacra (de sexo, escopia e, seica, destrución-consumición-consumación do obxecto amado) dunha terquedad e unha estaticidade abraiante, fronte á case infinita variedade que o xénero prometía desde as súas orixes míticas, culturais e lendarios. Por iso non ha lugar aquí xa para a sorpresa, ou para o pudor, nin sequera para o desenvolvemento, por exemplo, dunha acción violenta de arrebatada posesión ou desnudamento. Todo parece ser xa consumado no seu universo, todo cristalizado nunha pura presenza de nudez total e absorta onde xa non hai sitio –nin tempo– para suxerir ningún desenvolvemento, para propiciar o desenvolvemento de toda a serie de protocolos que circunscriben, por caso, a transición do vestido ao desvestido. Nestas imaxes non hai pretextos, todo é franco, obscenamente natural e abrupto. Porque non hai máis reino que o da esixencia da desnudez total, baixo cuxa soberanía todos os temas son abandonados, ata o da mesma vida singular, específica, cotiá, deixada agora absolutamente de lado en favor dun radical nu sen escusa e sen porqué, sen mediación nin causalidades.

A historia do nu tal vez sexa, así, a do abandono progresivo da natureza lendaria (escenas amorosas e pastoriles entre deuses e homes) a favor da súa interiorización na vida cotiá (por exemplo con Fragonard, con Delacroix e Manet, con Courbet e Renoir) ata alcanzar, finalmente, o vaciamento estraño da absorción newtoniana: o corpo da modelo

encriptado nun espazo sen respiro, constituído tan só para evidenciar e implementar o desvelamento absoluto e ata molesto, asfixiante, do nu (velaí a necesidade e a función dos espellos, os complementos, os sofás, mobles e camas, as botas, alfombras e as pistolas: tan só configurar o escenario perfecto para un ritual –esixente, exhaustivo, abrupto, morboso por directo– (do)/do) imaxinario). Alí onde a dramaturxia arríscase nun *falso interior* en que a desnudez xa non pode ocultar ningún inasible secreto, senón exhibirse ela mesma como o obxecto final e postremeiro, radical e intratable, insofocable, da vida mesma.

Certamente, Newton gusta de encerrar os seus rituais escópicos nun interior herméticamente pechado que non fai máis que intensificar a presenza inesquivable e voluptuosa da carne. Ningún efecto (por exemplo lumínico) permítenos assimilar estas esceas con calquera aspecto natural ou ambiental. Non hai anécdota, como non hai historia, en realidade, nin contexto específico onde situar estas maquinacións. Aquí non existe nada ao aire libre, como tampouco se nos mostra a desnudez ao modo de algo secreto –ou practicamente inatendido– no aberto, por exemplo, dunha paisaxe (como un nu deitado na selva, ou ao bordo do mar). Non. Nin sequera esa desnudez suprema emerge desde a escura intimidade da habitación, coma se espertase esa a súa animalidade erótica de entre os recodos secretos do visible e por urxencia e prestixio das potencias do corpo (un pouco como sucede, singularmente, nos espidos de Balthus). En Helmut Newton a desnudez da carne é total e absolutamente dada desde o principio e como único principio. O nu non ha de ser captado, ou entrevisto, ou perseguido, *o nu é*, existe primeiro de nada –imperturbable e ahistórico, como un deus ancestral e atávico– e dáse, móstrase ou exhibe impune no seu natural *estar* ou sobrehumana presenza, nunha suntuosidade e fortaleza que é a do corpo total e pleno, pero ao tempo a dun corpo que é, por así dicir, captado –agora si– como *por fóra* ou máis aló da muller en que se encarna. Non desde dentro dela senón, por así dicir, por encima dela, desposuíndoa da súa natural existencia, da súa persoa histórica e os seus avatares, agora neutralizados. Instaurándose nela: tomando posesión dela.

É este e non outro o momento animal da súa presenza corporal. Non se trata, xa que logo, de ningún sentimento narcisista por parte da muller, nin sequera dun gozo da súa propia corporeidade, senón máis ben da máscara dunha conciencia do propio vaciamento ao que a pulsión mesma da carne incita, e que non deixa de provocar o estado de vixilia extático e fascinado do fotógrafo. Nós, como el –tal vez como a modelo mesma– estamos como ante a urxencia doutro mundo, no que nada se comunica en verdade, se non é a incomunicable experiencia da desnudez radical instalándose poderosa-, arrebatadora na súa xeadada virtualidade– no noso presente.

A emoción mesma do nu, e a súa noción tamén, non son senón esa neutralización que provoca sobre nós, no noso dominio e mundo. Por encima de todo compromiso ético e social ela imponse como un feito primitivo e violento, por sempre consumado máis aló de calquera interese ou connotación específica. A violencia da mirada proxectada sobre a desnudez non é, pois, máis que un rescoldo desa radical expropiación que en cada imaxe reconstituíu imaxinariamente o fotógrafo Helmut Newton. Esa e non outra é a turbación que achamos nas súas imaxes. Aquí, como diría Klossowski, o contemplador atopa, como nunha reminiscencia, a referencia da súa propia turbación na experiencia do Outro, o artista, que é o outro por excelencia, e que polo seu testemuño achega ao contemplador o comentario dunha emoción común e que, con todo, a ninguén en concreto pertence.



Ilustración: ALBA BLANCO

proxectos

30

SEGREDOS DUN ESCRITORIO INGLÉS

Se abrimos as portas dun “cabinet” na casa museo do arquitecto Inglés Sir John Soane atopámonos os gravados dos cárceres de Piranesi.

E estes segredos aparecen de forma latente na maioría dos proxectos cos que finalizan os seus estudos estas 15 alumnas de Esdemga.

Os segredos tamén de Belle de Jour, os segredos en forma de superposición de texturas ou unha puntilla estraña conxelada no pescozo.

Tamén hai estraños espellos nas esquinas dunha das salas da casa museo, entre restos arqueolóxicos, entre a decoración abigarrada se alzas a vista ves os espellos redondos nas catro esquinas.

Espellos, como na vida mesma.







Ilustración: ALBA BLANCO









SARAI FERNÁNDEZ MARQUÉS

Colaboran: José Franjos (Zaragoza), Club Hípico Appaloosa, E. Mouriño (Pontevedra), Warhol Digital (Pontevedra), Sargadelos (A Coruña)
Fotografía: Jorge Bolado Moo, Federico Ariel Segura e Fernando Suárez Cabeza

















































EXTENSIÓN
CULTURAL



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Fotogramas de "La Noche del cazador" (1955), dirixida por Charles Laughton

EXPOSICIÓN ESDEMGA 2.1

Organiza

Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes
Concello de Vigo. Área de Cultura
ESDEMGA Estudos Superiores de Deseño Téxtil e Moda

Colabora

ILUMINACIÓN SPOT LUX

Dirección

CHARO FROJÁN
ALFREDO OLMEDO

Coordinación

CRISTINA VARELA

Montaxe

JOSÉ ÁNGEL ZABALA
ITZIAR EZQUIETA

Fotografía

FERNANDO SUÁREZ CABEZA

CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, nº 2. VIGO
do 14 de novembro de 2007 ao 6 de xaneiro de 2008

ESDEMGA 2.1
ESTUDOS SUPERIORES EN DESEÑO TÉXTEL E MODA DE GALIZA

proxectos




FRÁXIL, AÍNDA

Pódese ter medo dun abrigo? medo a un pescozo almidonado? sentímolo vendo a Robert Mitchum na "Noite do cazador", unha das referencias das alumnas que realizaron o seu proxecto no segundo curso de Esdemga, (xunto coas referencias á austeridade dos menonitas). Nestes proxectos observamos o produto dunha investigación formal na estrutura dun obxecto fráxil, aínda.











ESTHER LEBRATO ÁLVAREZ






ANA PÉREZ VALDÉS





MARTA MONTOTO GONZÁLEZ





ADRIÁN RIVERO ANDIÓN





damián ucieda

O fotógrafo Damián Ucieda (A Coruña, 1980) formado na Escola Massana e no Edinburgh College of Art colabora con ESDEMGGA neste primeiro número de Debut, cun proxecto fotográfico no que subxace o potencial narrativo da ausencia, do que non se di, os personaxes ao borde dunha historia, entre o silencio.

www.damianucieda.com



debut07







Quero falarlles sobre a relación que existe e suxace entre a moda e a posta en escea. Serei un tanto esquemático e un pouco anecdótico. É o xeito de disparar os modos desta disertación. A relación entre moda e posta en escea non podemos agotala hoxe. Se ben certos trazos significativos permítennos verificar o percorrido que tivo esa relación ó longo da modernidade.

Se vostedes se fixan na palabra mode(rno) xa se inclúe a palabra moda. Isto é máis próximo noutras línguas como o inglés ou o francés. O certo é que “mode” construíuse como a expresión do obxecto escénico da modernidade. Este é un problema de peso. Un grave como se dicía antigamente. Tanto como foron aparecendo ó longo da modernidade as vías que se adoptaron como signo identificadorio de clase, de posición fronte a relixión, o traballo ou a Revolución (francesa e inclusive soviética), as modas da moda serviron ó instrumento de control, clasificación e vixilancia da modernidade e, tamén, de extravagancia ou o esplendor escénico do ideal da Razón moderna que nos prometeu “vivir como deuses”, nesta inversión que xa o século XVII lanzou na escritura de Sorel: “o rei dos deuses segue o ‘Coustume’ dos grandes Príncipes”; rematar co costume medieval e transformala nunha nova costura.

A moda, contrariamente ó dicir xenérico, non existiu “desde sempre”. Ata que na modernidade puxo en cuestión central o tema do suxeito, a moda non tiña entidade. É máis, esa palabra “moda”, á que lle supoñemos a súa aparición no nome da prenda masculina do renacemento italiano, toma corpo extensivo na escea urbana e palaciega só coa aparición da derivada que xerou o “penso, logo existo”.

Ata nese momento as leis suntuarias, que comezaron a deixar de promulgarse nos países protocapitalistas hacia principios do século XVIII, eran as que rexían a orde e o consenso do modo de vestir dunha cidade, unha rexión ou un pobo. Ata alí, e en base ó dereito da costume, era imposible a moda. A unha xudía, unha lombarda ou unha véneta do século XV non se lle ocorría vestir con outros atributos vestimentais que non fosen asignados pola costume e as leis suntuarias da república de Venecia. Podemos irnos máis atrás, a Tucídides, e lemos que o

vestir dun pobo ou unha cidade era o signo e unha figura que representaba o ser mínimo, a unidade, de determinado pobo.

A irrupción da modernidade, a mediados do século XVII, como lles decía, non só se adecuou ó planteo do cogito cartesiano senón que o estendeu: “penso, logo me visto”, poderíamos dicir.

Os inventores dese período da humanidade –que se cerrou cos campos da concentración nazis e a bomba sobre Hiroshima e que perviviu dando tumbos ata mediados da década de 1970 e a crise do precio do petróleo– ó asumir un novo paradigma, tendente á súa extensión e aplicación, necesitaron unha nova posta en escea que representara a enerxía do novo vínculo dos obxectos. Esta nova posta en escea non tivo un só escenario nin unha única vertente.

Se ata a modernidade a vestimenta pertencía á orde da cidade se ata aquel entón a cidade pertencía a Deus, valedor do paradigma do oxímoron trinitario, as vestimentas, polo tanto, tamén lle pertencían. Así, a orde do pudor formaba parte da orde divina da cidade consagrada. Asimesmo, esa orde vestimental –que antes de ser cristián percorreu o ámbito da orde de todos os pobos da antigüidade dos que temos testemuña– permitía que a diacronía da cidade non coñecera efectos da posta en escea moderna como o chamado “mal gusto”, designado así polos detractores do gusto alleo, tal como bromeaba Oscar Wilde.

Polo tanto, entramos na modernidade da man do “gusto”, pervivinte da doutrina renacentista italiana. Esa responsabilidade que asume a modernidade, “penso, logo me visto”, vai ter o seu desencadenante final e terminal no “penso logo, me visto”. Pero para que iso ocorra debemos chegar ao século XX tardío. Aínda no século XVII o xeito antigo de vestirse–de–cidade convivía coas primeiras excentricidades da moda nos salóns culturais que logo preocuparían a Montesquieu. Esta nova realidade, moderna, insisto, non se conformou de calquer xeito: o vestirse–para–a–ciudade era unha responsabilidade, un dereito, que asumiron os primeiros modernos, aínda non se chamaran así na Francia ilustrada, xa que é o percorrido de Francia o que nos permite seguir e

interpretar con máis claridade os avatares da moda mentras existiu como responsabilidade, dereito, na cidade.

Debemos aclaralo: a moda foi dende a súa xestación urbana. No medio rural e comarcal sempre imperou o costume, a “mor” constitutiva da continuidade cultural prototípica do mundo agropecuario.

Madame de La Fayette remítenos ao esplendor da galantería, a magnificencia e, en definitiva, dos xogos do amor, ao reinado de Enrique II de Francia. Tamén na modernidade o amor e os seus xogos comezan a independizarse, nunha minoría constituínte, da orde divina: a orde dos novos praceres, ata poderíamos dicir da catalogación desos praceres, encontraba na vestimenta parte dos seus xogos eróticos. As novelas eróticas de fins de século XVII e do XVIII prerrevolucionario nolo atestiguan.

Os vestidos, polo tanto, debían contribuir, nesas minorías de salón, ao aumento, comprobación e obtención de pracer mundano. Volvémonos a encontrar, polo tanto, con un dos problemas modernos da moda e a súa posta en escea.

Esas minorías que comenzaron a constituírse na segunda década do século XVII, fundadoras da I internacional –anterior á liberal ou a comunista– chamáronlle libertinos. A palabra libertino non tiña o valor actual, tamén caíndo en desuso, senon que implicaba complexidades ideolóxicas que se desenvolverían ó longo do século XVIII francés e inglés e que aquí non analizaremos.

